



CONCELLO DE BOBORÁS

BANDO INFORMATIVO

ANA PATRICIA TORRES MADUREIRA, ALCALDESA DO CONCELLO DE BOBORÁS FAGO SABER:

Que os propietarios, arrendatarios ou usufrutuarios de parcelas que se atopen dentro dos núcleos de poboación ou próximas a calquera vivenda, **TEÑEN A OBRIGA DEMANTELAS LIMPAS de herbas, rastroxos, maleza, lixo, etc..para evitar deste xeito o risco de incendios forestais.**

Nun perímetro de 50 metros, arredor dos núcleos de poboación, ou de calquera vivenda illada, deberase manter o terreo perfectamente limpo libre de vexetación seca e coa masa arborea aclarada, tal como establece o artigo 21 da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia.

Estos traballos deberán estar executados, antes do 31 de maio do 2021.

Na faixa dos cincuenta metros, non se permite a existencia das seguintes especies arbóreas:

-Piñeiro galego, piñeiro do país, piñeiro silvestre, piñeiro de Monterrei, piñeiro de Oregón, mimosa, mimosa negra, eucalipto, brecina, carqueixa, retama, breixo retama, toxos, silvas e fentos.

Os titulares de fincas que non se atopen limpas, serán RESPONSABLES TANTO CIVIL COMO PENALMENTE, POLOS POSIBLES DANOS QUE SE POIDAN OCASIONAR tanto a persoas ou bens, como consecuencia de incendios forestais nos que a súa orixe sexa a falta de coidado debido das parcelas, sen prexuízo das sancións que se poidan impoñer de conformidade coa lexislación vixente.

Informáselle que os propietarios de parcelas sitas nas faixas secundarias dos núcleos das parroquias de Albarellos e Xurenzás, teñen a posibilidade de asinar un contrato coa Xunta de Galicia, para que ésta se encargue da limpeza das mesmas. Para máis información poden dirixirse ás oficinas municipais ou a través dos teléfonos 988402008 ou dos correos electrónicos contratacion@boboras.gal ou urbanismo@boboras.gal.

O que se pon en xeral coñecemento para os efectos oportunos.

A Alcaldesa-Presidenta. Sinatura electrónica

